

RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN DO PADROADO

Interesada: Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Procedemento: inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Tipo: modificación do padroado.

Data de iniciación: 08/07/2022

ANTECEDENTES:

1.- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (CIF G15721640) está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades co número 2000/1. Polo seu carácter cultural, correspóndelle a esta Consellería o exercicio das funcións de protectorado.

2.- Xunto coa solicitude e o xustificante do abono da taxa administrativa, achegan a seguinte documentación:

-Certificación acreditativa dos seguintes acordos adoptados polo padroado na reunión que tivo lugar na data 28/06/2022:

Cesamento:

- Cesar no cargo de patrón con funcións de vogal, en representación da Dirección Xeral de Comunicación, a Gómez Román, Marcos Javier (DNI 33336794L) por cesamento no cargo polo que foi nomeado membro do padroado (art. 24.4.c da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego).

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Servizo Técnico Xurídico da Área de Cultura
Edificio Administrativo San Caetano, s/n. - Bloque 3 – 2ª Planta
Tlf.: 981 544 846 / 981 544 841 / Correo Electrónico: xuridico.cultura@xunta.gal
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)



Nomeamento:

-Nomear no cargo de patrón con funcións de vogal, en representación da Dirección Xeral de Comunicación, a Pan Varea, Jorge (DNI XXX), quen o acepta expresamente na citada data 28/06/2022.

3.- De conformidade co disposto nos seus estatutos e coa certificación obxecto desta resolución, segundo os datos que constan neste Rexistro, a composición actual do padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, logo da súa modificación, é a seguinte:

Apelidos, Nome, DNI	Funcións no órgano de goberno	Entidade á que representa	Data aceptación
Rodríguez González Román (DNI 52483516T)	presidente	Consellería de Cultura, Educación e Universidade (conselleiro)	02/03/2015
Corgos López-Prado, Miguel (DNI 32822280S)	vicepresidente	Consellería de Facenda e Administración Pública (conselleiro)	24/11/2021
Vila López, Manuel (DNI 33304167Y)	secretario	Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (secretario xeral técnico)	12/12/2018
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel (DNI 36061608T)	vogal	Secretaría Xeral de Cultura (secretario xeral)	23/11/2012
Vázquez Mourelle, Ethel M ^a (DNI 76364989K)	vogal	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (conselleira)	27/11/2014
Sánchez Bugallo, Xosé Antonio (DNI 33210650F)	vogal	Concello de Santiago de Compostela (alcalde)	23/06/2020
Martínez Insúa, M ^a del Carmen (DNI 33861044F)	vogal	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (directora xeral)	28/06/2013
Pan Varea, Jorge (DNI 47401116W)	vogal	Dirección Xeral de Comunicación (director xeral)	28/06/2022
Castro Domínguez, María Nava (DNI 34871339G)	vogal	Axencia Turismo de Galicia (directora)	15/12/2020
Sutil Nesta, Jacobo (DNI 35317549Z)	vogal	Axencia Galega das Industrias Culturais de Galicia - AGADIC (director)	28/06/2013
Atán Castro, Jorge (DNI 36077877P)	vogal	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública (secretario xeral técnico)	29/06/2021
Cabañó Fernández, David (DNI 32796962C)	vogal	Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos (director xeral)	12/06/2015
Escotet Álvarez, Miguel Ángel (DNI 09770766K)	vogal	Abanca Corporación Bancaria, SA	27/06/2014



Otero Espinar, Pedro Antonio (DNI 33275207A)	vogal	AFUNDACIÓN (Fundación Galicia Obra Social)	14/12/2012
Alonso Pérez, Manuel Ángel (DNI 36107148T)	vogal	Telefónica España, SA	15/12/2020
Freire Abeijón, Miguel (DNI 76777210J)	vogal	Gallega de Distribuidores de Alimentación, SA (GADISA) (director)	21/12/2021
Junceda Moreno, Pablo Genaro (DNI 9369801S)	vogal	Banco Sabadell, SA (SABADELL GALLEGO)	27/11/2015
López López, Raúl José (DNI 33803327C)	vogal	TRANSMOMBÚS, SL	18/03/2016

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1.- Os nomeamentos e cesamentos dos membros do padroado da fundación están incluídos entre os actos suxeitos a inscrición polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo os artigos 18.5 e 54.c da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19.12.2006); e o artigo 21.d do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009).

2.- O persoal encargado da Sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do Rexistro de Fundacións, Área de Cultura, analizou a documentación presentada e comprobou a súa adecuación á normativa vixente, de conformidade co artigo 27.1 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Esta Consellería é competente para a inscrición solicitada segundo o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04/07/2022), en relación co artigo 7.2.b) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Vista a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; o Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro; e Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro; o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as demais normas de xeral e pertinente aplicación,



RESOLVO:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Área de Cultura), as modificacións producidas na composición do padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co sinalado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

